

2026 XIX SEMANA DO LIBRO E A LECTURA

A MÚSICA

EXPOSICIÓNS PERMANENTES NA BIBLIOTECA REGO DA BALSAS

Exposicións de traballos elaborados por alumnas e alumnos dos centros de ensino de Carballo

Horario de visitas ás exposicións:
Permanecerán abertas polas tardes para o público en xeral

Agradecemento a todo o profesorado dos centros de ensino de Carballo pola súa colaboración e implicación coa Semana do Libro

2026 XIX SEMANA DO LIBRO E A LECTURA

A MÚSICA

CENTROS DE ENSINO E BIBLIOTECA REGO DA BALSAS

DO 16 AO 24 DE ABRIL



Designe Gráfico Distrito Xemar

as.pg
ASOCIACIÓN GALEGA

concello de
CARBALLO

Fundación
Luis Calvo Sanz

Obradoiros nos centros de ensino

Días 16 e 17 de abril de 2026

Pedra, papel... poema! Nuria Vil

A poesía pode ser un xogo, unha pregunta, un eco da nosa canción favorita... Neste obradoiro de escrita achegarémonos a algúns **conceptos básicos de poesía tomando como referencia cancións e ritmos**. Centrarémonos, sobre todo, na **rima** e na **sonoridade** para construír pequenos versos que falen da nosa realidade cotiá. A poesía acompáñanos no diario, tan só necesitamos prestar atención para encontrala.

Obradoiro de creación de instrumentos musicais con makey makey. Maker store

O alumnado aprenderá sobre electrónica básica, condutividade e programación con Scratch. Todo este coñecemento o utilizarán para crear os seus propios instrumentos musicais con materiais do día a día.

Actividades na Biblioteca Municipal Rego da Balsa e no Pazo da Cultura

Do 20 ao 24 de abril de 2026

• 20 de abril •

Obradoiro imprenta tipográfica. Alouette machine

Unha imprenta itinerante que traballa coa tipografía, recuperando esta técnica artesanal. No obradoiro amósase o material e o seu funcio-

namento (as tipografías de madeira, a composición, as prensas de impresión, tintas, papeis...), logo créase o contido dos carteis e vinilos de música entre todos e todas.

• 21 de abril •

Cacho animalada! Vero Rilo e Luis Iglesias

Un camiño diverso de contos, todo un repertorio que vai da man da música, da alegría, dos animais e, por que non?, de certas *animalas*... Son tempos de soltar as melenas e contar, cantar, bailar e correr coas feras que levamos dentro. Raposos, merlas, toupas, nenas, nenos... correde con nós?

• 22 de abril •

Coralinda. Elefante elegante

Nun lugar cincento, vive un señor todo vestido de cincento que manipula unha serie de caixas... cincentas. Un día, chega unha muller. Vén cantando e bailando alegremente. Trae un vestido colorido e unha actitude exuberante que non deixa a ninguén indiferente.

• 23 de abril •

Maxia divertida: contamaxias. Mago Paco

A lectura é unha porta á imaxinación, e que mellor maneira de abríla que a través da maxia. Nesta actividade, a maxia convértese nun fío condutor para fomentar o gusto pola lectura dun xeito lúdico e participativo. A través de historias fascinantes e contos cheos de misterio os nenos

e nenas descubrirán que os libros agochan moito máis do que semellan á primeira ollada.

• 24 de abril •

Brincadeiras da lingua. Migallas teatro

Espectáculo no que coñeceremos a enorme riqueza e variedade de ditos e recitados da literatura popular infantil de Galicia. Mediante xogos verbais de participación, cancións, contos, monicreques e outros recursos, ofrécese dun xeito divertido unha escolma dos ditos e recitados populares.

ACTIVIDADES ABERTAS AO PÚBLICO Biblioteca Rego da Balsa

20,21,22,23 e 24 de abril ás 18:00 horas

TARDES DE CONTOS E MÚSICA

• LUNS 20 •

O tigre que veu tomar o té e outros contos para merendar. Soledad Felloza

Contos onde unha porta que se abre pode cambialo todo. Entre merendas, sustos, risas, berros e silencios, o extraordinario entra sen avisar. Unha viaxe polo territorio da imaxinación.

• MARTES 21 •

Contos para orellas abertas. Pavís Pavós

Espectáculo de contos maravillosos para viaxar por un mundo máxico. Cando abres ben as

orellas podes escoitar historias de xigantes e ananos, bruxas e trasnos, apócemas máxicas, viaxes marabillosas, princesas e dragóns... Queres abrir moito, moito as orellas para viaxar por este mundo máxico?

• MÉRCORES 22 •

Moito conto. Ana Prema

É unha proposta de animación á lectura para crear un espazo de felicidade, de palabras e silencios, de xogo, música, diversión e calma.

• XOVES 23 •

Ledicias. Mago Paco

Con xogos, participación e moito humor este espectáculo sorprende tanto a pequenos como a maiores coa maxia única e persoal, onde a risa e a ilusión van da man, unha experiencia chea de sorpresa, complicidade e emoción.

• VENRES 24 •

Brincadeiras da lingua. Migallas teatro

Espectáculo no que mediante cancións, contos, monicreques e outros recursos, coñeceremos dun xeito divertido unha escolma dos ditos e recitados populares.

